4. Planificação para execução da cenografia e adereços

4.1 Implantação do cenário no Salón Teatro e desenhos técnicos do cenário implantação do cenário (pág. 1/3)




«As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas»	
de Carlos casares	Encenação: José Caldas
Design de Cenografia: Marta silva	Junho de 2004
Centro Dramático Galego - SalónTeatro de Santiago de Compostela	esc. 1/100 (des. originais a 1/25)

implantação do cenário (pág. 2/3)



«As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas»	
de Carlos casares	Encenação: José Caldas
Design de Cenografia: Marta silva	Junho de 2004
Centro Dramático Galego - SalonTeatro de Santiago de Compostela	esc. 1/100 (des. originais a 1/25)


implantação do cenário (pág. 3/3)




CORTE LONGITUDINAL

«As laranxas más laranxas de tódalas laranxas»	
de Carlos casares	Encenação: José Caldas
Design de Cenografia: Marta silva	Junho de 2004
Centro Dramático Galego - SalonTeatro de Santiago de Compostela	esc. 1/100 (des. originais a 1/25)

estrutura para a ponte



plataforma redonda



ESTRUTURA BASE:
Tubulares quadrados de 40mm em ferro;

REVESTIMENTO:
Placas de MDF MR Hidrófugo com 1,8mm;
Lateralmente as plataformas serão forradas com o MDF de 3 ou 4mm;


«As laranxas más laranxas de tódalas laranxas»	
de Carlos casares	Encenação: José Caldas
Design de Cenografia: Marta silva	Junho de 2004
Centro Dramático Galego - SalonTeatro de Santiago de Compostela	esc. 1/100 (des. originais a 1/25)

pavimentos




REVESTIMENTO: Placas de MDF revestidas com "tiras" de linóleo (cor a definir)

laranjas




QUANTIDADE: 8 UNIDADES
OBS.: Precisa de abertura para colocar lâmpada e ligação eléctrica;
Uma das laranjas será para abrir ao meio com dobradiça;
Todas as laranjas precisam de um gancho para pendurar;

casa




MATERIAIS: estrutura em alumínio e pvc revestida com tecido muito fino ou pvc;

PVC perfurado



«As laranjas más laranjas de tódalas laranxas»	
de Carlos casares	Encenação: José Caldas
Design de Cenografia: Marta silva	Junho de 2004
Centro Dramático Galego - SalonTeatro de Santiago de Compostela	esc. 1/100 (des. originais a 1/25)

4.2 Desenho técnico do adereço da Galinha Azul e maquete à escala 1:10






Maquete à escala 1:10 para a construção do adereço da Galinha Azul.


Materiais utilizados: acrílico opalino pintado com tinta de vitral, base de pinho pata as rodas e pega de bicicleta para a manipulação do bico da galinha. Arame 4mm torcido para ligar as asas às rodas para o movimento das asas.

4.3 Amostras de linóleo para o chão.



4.4 Desenho para gobos / projecção frontal (galinhas, sapato e tinta)








Resultado a ser projectado na tela de PVC perfurada

5. Resultado final:

5.1 Cartaz e Ficha Técnica





[...] Os nenos, todos os nenos, entéganse, con máis entusiasmo, a inventar os seus recintos de realidade, dándolle voltas de parafuso ao real até construír o seu propio espazo verosímil, que aceptará un irreal alleo, alleante, ausente e decote ategado de moralina. Hai unha maneira atroz de ser neno: non selo.

Carlos Casares, neno que foi por terras da Limia, en tempos de fame e de posguerra, non forneceu o seu imaxinario de fadas cursis e princesas ridículas, senón de historias heroicas e aventuras asombrosas, da man, da boca, do seu avó Herminio.

As páxinas da infancia, as únicas que se logran salvar do naufraxio da vida, impregnarán a vida e a literatura de Carlos Casares e, xa que logo, comparecerán, tamén, en *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* propoñéndolle á literatura infantil galega unha paisaxe fundacional alonxada de tufo maniqueos.

Teño para min que, máis que buscar referencias intertextuais na historia da literatura dramática infantil e pescudar ao miúdo as súas influencias nesta obra, a fonte nutricia das *laranxas* habería que situala á luz dun lume chamado avó ou nos altos solares de Beiro. [...]

Manuel Guede Oliva
Director do CDG

[...] A historia que se conta, localizada no ambiente rural galego, baséase nunha anécdota que ocorrera na horta da casa de Elías e Anxa, onde había un limoeiro ao que de súpeto lle saíron cinco laranxas xigantes e moi estrañas. Unha delas estourou cando o amo da casa a tocou, e a partir deste feito comezaron a ocorrer acontecementos insólitos, ilóxicos, mesmo disparatados, absurdos, pero divertidos. Neles interveñen os donos da horta, o Veciño da escopeta, o Gordo ou Toneladitas, a Veciña Sabida, a Desdentada, o Torto, o Ovo, a galiña Petra e o can Paulino, un conxunto de personaxes pintorescos, moí do gusto do escritor, pois permíttanlle xogar con hipercharacterizacións que, á súa vez, se correspondían cun xeito expresionista de narrar que non é difícil atopar nas conversas e descrições narrativas orais da sociedade rural galega.

Trátase dunha historia fantástica, herdeira do *nonsense* e do surrealismo, pero tamén con acenos intertextuais cara á mitoloxía grega e os contos das *Mil e unha noites*, e intratextuais con boa parte da obra infantil do propio autor.

En efecto, os diálogos disparatados rompen cos convencionalismos patentes nas obras realistas e costumistas anteriores da literatura dramática galega e conseguen xogos lingüísticos que provocan risa e un ritmo áxil que vai pouco e pouco aumentando así como se amorean as situacións.

Por outra parte, o mito da Cornucopia ou Corno da Abundancia da ninfa Amaltea, nodriza de Zeus, así como a cova de Alí Babá cos seus tesouros propicios para quen posuise a fórmula máxica do "Ábrete sésamo", parecen estar latentes ou funcionar como hipotextos da escena final, na que unha das laranxas amosa, ao se abrir, unha serie heteroxénea de xoguetes e lambetadas que provocan a "ledicia xeral" da pequena sociedade.

Finalmente é de apreciar que moitos dos elementos, obxectos, animais e personaxes que figuran nas *Laranxas...*, ou xa estaban nos contos de *A galiña azul* ou habían ser desenvolvidos por Casares na súa obra infantil e xuvenil posterior (a galiña Petra, o ovo, o can ridor, a bicicleta, os personaxes inventores, etc.). [...]

Blanca-Ana Roig Rechou
Faculdade de Ciencias da Educación
(Universidade de Santiago de Compostela)

As laranxas máis laranxas de todas as laranxas, proposta escénica de José Caldas a partir de textos de Carlos Casares foi estreada o día 22 de outubro de 2004 no SALÓN TEATRO de Santiago de Compostela.

Reperto		Lois Soaxe	Carlos Sante
Avelino González <i>Elías</i>	Xan Casas <i>Veciña Desdentada</i>	<i>Veciño Gordo</i>	<i>Veciño da Escopeta</i>
Nuria Sanz <i>Anxa</i>	Rocío González <i>Veciña Sabida</i>		
Equipo artístico		<i>Xastras</i> Concha Abad María Negreira Fernández <i>Maquillaxe</i> Dolores Centeno <i>Fotografía</i> Miguel A. Fernández <i>Produción</i> Francisco Oti Ríos <i>Realización Galiña, Ovo e Pantalla do Veciño da Escopeta</i> Cachirulo <i>Realización de zapatos e narices de "Toneladitas"</i> Pablo Giráldez, "O Pastor"	<i>Perrucas</i> Damaret <i>Lanzador confeti</i> Kabuki <i>Globos</i> A Globo GUÍA DIDÁCTICA <i>Autoras</i> Magdalena de Rojas Cristina Novoa Pilar Sampedro <i>Ilustrador</i> Oscar Villán
Equipo técnico do IGAEM		<i>Prensa</i> Ana Rosales Ana Miragaya <i>Soporte web</i> Xavier Paredes <i>Encargado de talleres</i> Pablo Seoane <i>Encargado da estrutura escénica</i> Salvador Forján <i>Técnico de iluminación</i> Juanjo Amado <i>Técnico de son</i> Guillermo Vázquez Ríos	<i>Tremolax</i> Elíxio Vieites Mauro Chao Luis Méndez Eduardo Canedo Antonio Mayo "Toti" <i>Xastra</i> Concha Abad <i>Agradecementos</i> Pedro Lucas (Biblioteca Club 33-Caixa Galicia)
Centro Dramático Galego			<i>Director</i> Manuel Guede Oliva <i>Xefe de produción</i> Francisco Oti Ríos <i>Actividades culturais e educativas</i> Victor López Carbajales <i>Secretaría de dirección</i> Manuela Domínguez Amoscótegui <i>Axudante de produción</i> Laura Hevia Solares <i>Auxiliar de produción-dirección</i> María Casar Díaz

5.2 Registo fotográfico do ensaio geral;







5.3 Dossier de imprensa

LE CER

GALICIA HOJE
DOMINGO 10 DE OUTUBRO DO 2004 09

Teatro :: O merlo branco



ACTORES Os ensaios da obra teatral adaptada duni texto de Casares vñense desenvolvendo dende principios de setembro

Talento luso brasileiro para o CDG

As figuras do escritor Carlos Casares e do director José Caldas unirán a súa auréola para poñer en escena a primeira proposta de teatro infantil do Centro Dramático Galego: As laranxas máis laranxas de todas as laranxas

Texto: **Xosé Lueiro**
Fotos: **Viky García e CDG**

Será o 22 de outubro. Data transcendente dentro da curta vida do teatro institucional galego. O CDG incorpora por vez primeira ó seu repertorio o teatro infantil, e ó mesmo tempo, unha figura clave da cultura galega contemporánea. O "ilustrísimo" Carlos Casares, o morto daquela primavera. A compañía de todos decidiu, quizais nunha asunción explícita das carencias do país no apartado infantil, contar cos servizos do director luso-brasileiro José Caldas. Director adomado nas súas facetas de actor, autor, profesor ou crítico teatral por unha ampla nómina de traballos e galardóns de ámbito internacional.

"Comecei a miña formación no Conservatorio Nacional de Teatro do Brasil tras ser obrigado polo golpe militar do 64 a abandonar os estudos de Filosofía", explica Caldas, quen engade que a escola de Río de Xaneiro reunía daquela unha amalgama de disciplinas como a danza, a música ou o xoga que achegaba ó alumado unha formación integral, máis alá da expresión oral".

José Caldas exiliase a Europa no ano

72. En Francia, Inglaterra e Portugal consolidou a súa aprendizaxe e desenvolveu as primeiras iniciativas profesionais. Comeza daquela a dirixir obras para menos. "O teatro que fago non é infantil, infantil é o que fan os propios nenos, o meu está dirixido á infancia pero que ofrece varias lecturas orientadas a públicos diversos". O público infantil, na súa opinión é "moi esixente". José Caldas participa en varias montaxes de teatro infantil tanto en Italia como en Francia antes de aceptar a proposta de Manuel Guede. A súa condición foránea, a procedencia dunha cultura distinta á nosa realidade cultural obrigárono a somerxerse na poética de Casares a marchas forzadas. "Lan practicamente toda a súa obra para captar a esencia poética", afirma o responsable da montaxe, e sinala que "O conto da Galiña azul é o que estrutura a proposta escénica, xa que a peza das *Laranxas*, debido ó seu carácter atípico, carece por si mesmo de soporte escénico. Isto faíno certamente atractivo, xa que che dá a posibilidade de ler entre liñas".

Na adaptación que fai de Casares, Caldas apunta que as personaxes, que parecen fantasmas saídas "do teatro do absurdo ou do realismo máxico de Márquez", gañaron en "esperanza psico-



O DIRECTOR José Caldas pon en escena o novo proxecto do CDG

lóxica e social". Presentan trazos da "comedia da arte italiana e do clown mesturados con outros tipicamente galegos".

A súa formación teatral está influenciada polo teatro de tradición oral brasileiro. Isto fai que o director de *As laranxas* se sinta plenamente identificado ca obra do autor ourensán e que "a música, a danza, as artes plásticas, e distintas manifestacións etnográficas atopen un espazo dentro do xogo expresivo do espectáculo".

No tocante á escenografía, a montaxe contou, ademais, ca participación da

prestixiosa escenografía e figurinista portuguesa Marta Sofia Silva. "Mantemos unha forte ligazón profesional, unha forte afinidade na forma de entender o teatro. Ademais as mulleres teñen unha sensibilidade e unha practicidade artística da que carecemos os homes", afirma o director portugués, quen remata aclarando que "preferiu prescindir do realismo que apuntaban as ilustracións do libro de Casares para apostar por unha escenografía menos evidente e máis inzada de suxección, onde cobra protagonismo a presenza dos catro elementos".

As laranxas en nomes

A obra de Carlos Casares, dirixida por José Caldas, conta cun repartimento onde figuran Avelino González, Xan Casas, Nuria Sanz, Lois Soave, Carlos Sante e Rocio González Lorenzo. Na ficha técnica destaca Eduardo Alonso, encargado da iluminación, e Marta Sofia Silva, como escenógrafa, figurinista e responsable do vestuario. A estrea da obra será o 22 de outubro no Salón Teatro de Santiago, onde se manterá en cartelera ata o 28 de novembro. A xira en Galicia realizárase en decembro, xaneiro e febreiro do 2005 e incluíra con toda probabilidade actuacións en Portugal, Italia e Francia posteriormente.

Sobre o teatro infantil

Unha sociedade que lle concede escasa consideración ó teatro infantil pódese dicir que está culturalmente enferma. José Caldas atribúe parte da culpa ós profesionais. "Os espectáculos non teñen calidade, consideran os rapaces pouco menos que idiotas e céntranse demasiado no aspecto formativo". En palabras de Caldas, "a arte non é educativa. Acostumamos a pensar nos nosos fillos coma obxectos sen personalidade, subestimando a súa intelixencia e sensibilidade. Precisamos profesionais serios á fronte dos espectáculos dirixidos á infancia e á xuventude".

A expansión teatral

Tense falado en non poucas ocasións, con respecto ós teatros galego e luso, da posibilidade de xerar espazos de encontro teatral aproveitando a lingua común. José Caldas opina que "á marxe de intercambios esporádicos, o transvasamento de compañías e obras debería ser unha realidade nun futuro próximo". "Para certificar esta realidade sería preciso que Portugal, paralizada hoxe baixo un goberno de extrema dereita, puxese en práctica unha política cultural seria para mellorar a distribución dos espectáculos. Organismos como a Feira de teatro axudarían a organizar a realidade teatral lusa".

ESPECTÁCULOS

Coldplay y Travis participarán en una nueva versión benéfica de la Band Aid de los 80

LA VOZ | REDACCIÓN
■ Estrellas de la música británica están preparando una nueva versión de la agrupación benéfica Band Aid y de su gran éxito musical de 1984, *Do they Know It's Christmas?*. Uno de los cantantes que estuvieron detrás de aquel gran éxito musical de los ochenta junto con Bob Geldof, Midge Ure, afirmó en la BBC que Coldplay, Travis, The Darkness y Keane son algunos de los artistas que ya han respaldado el proyecto hasta el momento.

En 1984, artistas del pop británicos como Durán Durán, U2, Bananarama, Spandau Ballet y George Michael grabaron esta canción, de la que se vendieron 3,5 millones de copias en el Reino Unido y cuya recaudación fue destinada a recaudar fondos para paliar la hambruna en Etiopía.

En 1989, un nuevo grupo de estrellas entre las cuales estaban Kylie Minogue, Wet Wet Wet y Cliff Richard grabó otra vez este tema.

Ahora es la desesperada situación de Sudán la que recogerá los fondos que se recauden con la grabación, que se espera que sea el número uno de estas Navidades.

El líder de Travis aseguró: «Es una idea fantástica. Estaré en donde me digan y cuando me digan y cancelaré cualquier compromiso para participar».

O Centro Dramático estrea a primeira obra para nenos vinte anos despois da súa fundación

O CDG producirá unha peza de teatro infantil cada dous anos

A versión de «As laranxas», incorpora outro texto infantil de Carlos Casares, «A galiña azul»

Camilo Franco

SANTIAGO

■ A estrea, esta tarde, de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* por parte do Centro Dramático Galego será a porta que sirva para que o teatro institucional galego «visite regularmente» o xénero para nenos.

A obra de Carlos Casares supón a primeira aproximación ao teatro infantil por parte do CDG, pero non será a última. Segundo anunciou onte o seu director, Manuel Guede, «O Centro ten previsto montar unha peza infantil cada dúas temporadas». Para o director, a tardanza en montar unha peza infantil está xustificada polo momento de madurez que, segundo a súa opinión, vive o teatro galego: «Os nenos son un público esixente e só podemos facer teatro para eles se o facemos con garantías de non defraudalos». Guede asegurou: «Só agora estamos en disposición de afrontar proxectos para os pequenos».

Unha das garantías para esta montaxe é a dirección do brasileiro José Caldas. Despois de traballar en media Europa espe-



A musicalidade é un elemento moi presente na representación

cializado en montaxes infantís, o director adiantou algunhas das peculiaridades da obra: ten un intenso carácter musical, varios niveis de lectura e mestura o texto que dá título á obra con outro que, para Caldas, está cheo de significación: *A galiña azul*. Caldas explicou onte que despois de recibir a proposta de adaptar *As laranxas*, pediu que lle remitisen máis textos para nenos de Carlos Casares. «Entre eles estaba *A galiña e*

gustei tando del que decidín tomarme a liberdade de incorporalo», dixo.

Segundo a interpretación do director, os textos para nenos de Casares «tiran cara ao teatro popular». «Quixen afondar nesa forma de expresión utilizando elementos que teñen moito que ver coas representacións populares», afirmou. Un deses elementos é a música, que toma corpo no espectáculo en varias direccións. Está presente como

CLAVES

Reparto

■ Avelino González, Nuria Sanz, Lois Soaxe, Xan Casas, Rocio González, Carlos Sante.

Funcións

■ De mércores a venres: 11,30 horas, para escolares. Sábados e domingos: 18 horas, público xeral. Ata o 28 de novembro e do 2 ao 13 de febreiro. Salón Teatro, en Compostela.

tal, pero tamén o está, segundo Caldas, «na forma de expresarse e mesmo nos movementos dos corpos». Neste sentido, o director explicou: «Unha das cousas que eu quería ao escoller o elenco é que fosen capaces de manexar esa musicalidade».

José Caldas fixo fincapé, ademais, no que significa traballar para os nenos: «Temos que pensar que os nenos son unha descuberta recente da civilización, ata Freud non se consideraba aos cativos como seres autónomos, quizais por iso aínda non estamos de todo preparados para eles e, en moitas ocasións, consideramos que son adultos en miniatura».

O director do CDG explicou tamén que xa estaba comprometida a asistencia de máis de cinco mil nenos ao espectáculo.

ESCENARIOS

O CDG entra con Casares no teatro para os cativos

► A compañía representará esta fin de semana no Principal de Santiago 'As laranxas máis laranxas de todas as laranxas', nunha versión ideada e dirixida por José Caldas

E.P. • SANTIAGO

O Centro Dramático Galego (CDG) estreará hoxe en Santiago de Compostela a obra de Carlos Casares *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, unha produción da que recentemente editou un guía didáctica.

A compañía pública galega cumpre o seu XX aniversario e abre a temporada teatral 2004-2005 con esta montaxe, que supón a súa primeira incursión nunha nova liña de programación que terá en conta o teatro especialmente dirixido aos nenos.

A representación desta obra terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela hoxe venres e mañá sábado, en sesións que comezarán ás sete da tarde, e o domingo, a partir das seis da tarde.

A nova montaxe do CDG é unha versión de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* feita por José Caldas, quen asumiu tamén a dirección artística desta obra de teatro.

Con motivo desta primeira experiencia no ámbito do teatro infantil, o CDG está a facer especial fincapé na campaña escolar durante o período de exhibición da obra en Santiago.

Sesenta centros

Un total de 60 centros de ensino de toda Galicia confirmaron a súa asistencia ao espectáculo, circunstancia que fixo necesario estender as representacións ata febreiro de 2005. A compañía ten reservadas 21 funcións en horario de mañá para escolares con idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos. Asemade, o Centro Dra-



Soto, esquerda, e Guede, onte

FUNCIONES

Unha xira despois de febreiro

As laranxas máis laranxas... ofrecerá en Santiago funcións para escolares os mércores, xoves e venres ás 11:30 horas; e para o público xeral sábados e domingos ás 18:00 horas. O Salón Teatro acollerá a representación do 27 de outubro ao 28 de novembro e do 2 ao 13 de febreiro. A obra viaxará logo polos escenarios de vilas e cidades galegas ■

mático Galego editou, como complemento a esta representación, unha guía didáctica sobre esta obra, que se distribúe entre os escolares de máis de sesenta centros de ensino de toda Galicia que asistirán nos vindeiros meses á montaxe.

Guía pedagóxica

A guía está elaborada polas pedagogas Magdalena de Rojas, Cristina Novoa e Pilar Sampedro e conta con ilustracións de Íscar Villán. Ao longo das súas páxinas propón distintos xogos pedagóxicos e actividades formativas dirixidas a nenos de entre 4 e 12 anos.

A finalidade desta guía é interrelacionar o traballo nas aulas sobre a montaxe *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* coa asistencia ao espectáculo, polo que presenta contidos que tratar tanto antes como despois de asistir a unha das representacións. O CDG publicou, así mesmo, un novo volume da súa colección *Os libros do espectáculo*, que fai o número 32 da serie e no que, ademais do texto da montaxe, se recolle o estudo crítico elaborado pola catedrática Blanca Roig. Avelino González, Nuria Sanz, Lois Soaxe, Xan Casas, Rocio González e Carlos Sante interpretan aos sete personaxes protagonistas da obra.

A escenografía e o vestuario da nova montaxe do Centro Dramático Galego son de Marta da Silva, a composición musical de Bernardo Martínez, a iluminación de Eduardo Alonso e a maquillaxe de Dolores Centeno.

ESPECTÁCULOS

Escándalo en Rusia por el estreno de una polémica ópera en el Bolshoi

EFE | MOSCÚ

Entre grandes expectativas y un sonado escándalo, el mítico Bolshoi de Moscú estrenó ayer la ópera *Los hijos de Rosenthal*, con libreto del polémico escritor ruso Vladimir Sorókin, tildado de «pornográfico» por el Parlamento.

La obra cuenta la historia de un científico alemán que en los años 30 descubre la clonación, pero, perseguido por los nazis, huye a la Unión Soviética de Stalin. Allí se dedica a clonar obreros «estajanovistas» por encargo del Politburó comunista, también consigue el sueño de su vida, rescatar a cinco genios de la música: Verdi, Tchaikovski, Wagner, Mussorgski y Mozart.

La mayoría ultrapatriótica de los diputados de la Rusia de Putin amenazó con despedir a la directiva del Bolshoi por escenificar la obra de uno de los más controvertidos literatos rusos, el «pornógrafo» Sorókin. Con éste y otros calificativos recibía al público frente al teatro una pancarta de Los Que Van Juntos, movimiento de jóvenes «putinistas» que vela por la pureza ideológica en la nueva Rusia. En defensa del autor salieron militantes de la Vanguardia de Juventudes Rojas.

La Duma celebró una sesión especial para estudiar «cómo pudo ser que en el santuario del Bolshoi pongan una obra pornográfica y decadente de Sorókin», aunque la mayoría no ha leído jamás al autor.

A institución galega crear un foro de opinión dirixido a mestres e alumnos

O CDG proxecta unha programación estable de teatro para nenos

A publicación do DVD e o CD de «As laranxas» abre a colección audiovisual do centro

Camilo Franco


SANTIAGO

O Centro Dramático Galego creará un foro de opinión teatral dirixido aos mestres e alumnos do país que se porá en marcha paralelamente a cada produción infantil que acometa esta institución.

Esta iniciativa forma parte dunha serie de medidas adoptadas pola unidade de produción teatral do Igaem para achegar o teatro aos máis cativos, fundamentalmente a través das escolas.

O foro de opinión realizarase a través de Internet e recollerá as iniciativas dos axentes educativos e máis dos escolares. Segundo a institución, o proceso de comunicación que se abre deberá servir para pór en marcha procesos diferentes e con maior participación dos espectadores cando se trate de producións destinadas ao público infantil.

Unha vez que o centro, despois de dúas décadas de existencia, descubriu o teatro para os cativos coa produción de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, a intención manifestada polo director do CDG é a de representar unha obra infantil cada dous anos, aínda que a periodicidade pode ser diferente, en función



PACO RODRIGUEZ

A obra «As laranxas», de Carlos Casares, foi vista por un total de 16.300 espectadores

CLAVES

Colección audiovisual

■ Composta por un DVD e un CD. É a primeira do teatro galego.

Público de «As laranxas»

■ 16.300 espectadores acudiron á última produción do CDG.

da programación de cada unha das temporadas.

A iniciativa do foro estará acompañada por outras tamén destinadas a chamar a atención dos públicos infantís nas

escolas. Unha delas é o inicio dunha colección audiovisual que acaba de inaugurarse co material procedente da obra de Carlos Casares.

Ademais da unidade didáctica da obra, o Centro Dramático Galego acaba de poñer na rúa un DVD coa gravación realizada pola Televisión de Galicia da montaxe dirixida por José Caldas e máis un disco que, a modo de banda sonora, incorpora as sete cancións que formaban parte do espectáculo.

A intención do CDG é que, seguindo a frecuencia de produción de obras para nenos, se poidan ir ofrecendo ás escolas

este mesmo material de todas e cada unha das montaxes que se fagan no futuro.

Segundo a institución, a exitosa acollida que dispensaron os máis pequenos dos espectadores serve para afianzar este modelo de especial atención á creación de novos públicos entre os cativos.

As cifras de espectadores rexistrados por *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* foron de 16.300 repartidos en 69 funcións, nas que se inclúen os alumnos de máis de cen centros escolares que tiveron a oportunidade de ver a obra.

A obra teatral «As laranxas máis laranxas de todas as laranxas» despídese do público compostelán

LA VOZ | SANTIAGO

■ O Centro Dramático Galego ofrece hoxe e mañá, ás 18.00 horas, no Salón Teatro, as últimas funcións en Compostela da obra de Carlos Casares *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, a primeira montaxe para nenos da compañía de teatro institucional, dirixida por José Caldas.

Este espectáculo é fiel á peza teatral escrita por Carlos Casares e estreada na Mostra de Teatro de Ribadavia de 1973, o mesmo ano no que a obra recibiu o premio O Facho. A montaxe introduce personaxes doutros contos de Casares, como *A galiña azul*, e textos doutras obras súas nas letras das cancións que cantan os actores no escenario.

A obra estreouse en

Santiago no pasado mes de decembro e, logo de percorrer os escenarios de dez cidades e vilas galegas, volveu á capital antes de pechar o seu periplo en Carballo, os días 17 e 18, e en Noia os días 27 e 28 deste mes. O balance de espectadores de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* supera os 14.500, debido sobre todo á resposta que acadou nos centros escolares de toda Galicia, 80 dos cales trouxeron aos seus alumnos a Compostela para vela.

O CDG adianta que vai producir novos espectáculos para o público infantil á vista dos resultados desta experiencia, que califica «dun importante paso cara á continuidade desta liña de programación e a súa materialización en vindeiras montaxes».

X ESCENARIOS

El CDG optará al María Casares en diez categorías

► Los montajes 'O ano do cometa' y 'As laranxas máis laranxas de todas as laranxas' suman entre las dos 14 candidaturas ► La entrega de los premios será el 27 de marzo

L.F. • SANTIAGO

El Centro Dramático Galego (CDG) está nominado a diez de los trece Premios de Teatro María Casares 2005, que promueve y organiza la Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Galicia.

Esta compañía pública está presente en la mayoría de las candidaturas con un total de catorce menciones, suma de las nominaciones de sus dos montajes *O ano do cometa* y *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, estrenado el año pasado.

El CDG opta a conseguir premios a los mejores maquillaje, vestuario, iluminación, música original, escenografía, adaptación/traducción, actor y actriz secundarios, dirección y espectáculo. Las únicas categorías en las que la compañía institucional gallega no está seleccio-



'O ano do cometa' del CDG

nada es en las de texto original, y actor y actriz protagonistas.

Sin embargo, en otras modalidades llega incluso a ocupar dos de los tres puestos posibles, como son el maquillaje y el vestuario. En el caso de mejor actriz secundaria, las tres profesionales propuestas (Susana Dans, Nuria Sanz y Patricia Vázquez) actuaron en las obras del CDG.

El montaje de Quico Cadaval *O ano do cometa*, realizado a partir de textos de Álvaro Cunqueiro, opta a un total de 11 premios. Por su parte, *As laranxas..*, dirigido por Xosé Caldas a partir del texto de Carlos Casares, está presente en tres categorías.

Los premiados se darán a conocer en la gala que se celebrará el próximo 27 de marzo en el Teatro Rosalía de Castro de A Coruña, coincidiendo con el Día Mundial del Teatro.


6. Bibliografía e Audiovisual (CD e DVD).

LIVRO DIDÁTICO




CD DE MÚSICAS





DVD

Video do espectáculo “As laranxas máis laranxas de todas as laranxas” de Carlos Casares, versión e dirección de José Caldas [Dep.Legal C-565-05]. São Tiago de Compostela / Salón Teatro: Centro Dramático Galego, 2005. 1 DVD, 50 min.



LIVRO – COLECÇÃO CDG

As laranxas máis laranxas de todas as laranxas de Carlos Casares (Desenhos de cenário e figurinos) . Versión e dirección de José Caldas, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/IGAEM, col. Centro Dramático Galego, nº 33, 2004, pp. 25-37, (ISBN: 84-453-3896-X);